


Consideramos prioritario dedicar o Encontro deste ano ao tema chave da "Convivencia e Benestar para o Século XXI: Experiencias e Recursos", pois non cabe dúbida que a convivencia nun mundo cada vez máis interconectado implica non só desafíos considerábeis —tales como o continuado derribo neoliberal dos Estados de Benestar e das súas proteccións contra as desigualdades económicas, lingüísticas e sociais en xeral, ou as acepcións da "convivencia" que a asemellan á disciplina e o castigo— senón tamén, iso si, formas positivas de enriquecemento cultural transfronteirizo. Esta complexa realidade actual brinda valiosas oportunidades para repensarmos as alternativas da vida en común e o poder transformador das accións

educadoras comprometidas cun mundo máis xusto, igualitario, sustentábel, harmónico e pacífico. Neste Encontro afondaremos en innovadoras perspectivas, ferramentas e dinámicas educativas dirixidas á consecución dun benestar común óptimo, libre das múltiples expresións da violencia. Entre outras temáticas, abordaremos: a titoría entre iguais, planos de convivencia escolar, o fomento de redes locais de resposta social de base, a colaboración intersectorial, o sociodrama, prácticas restaurativas, a música, a danza e a creación artística e literaria. Outro mundo é posíbel; comeza coa nosa firme decisión conxunta de promover unha Cultura de Paz transversal."




Instituto de Educación Secundaria Val do Asma_ Av. de Monforte s/n 27500 CHANTADA (Lugo)

24, 25, 26
ABRIL 2015
Chantada

XXIX ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ

Convivencia e Benestar
para o Século XXI:
Experiencias e Recursos



Organiza



Subvenciona



Colabora



<http://www.nova-escola-galega.org/>

Venres 24 Abril

16:30 17:00 Recepción e recollida de material.

17:00 18:00 **Benvinda con xogos cooperativos.** *Coordinan: Belén Piñeiro e AUCE (Asociación Universitaria de Ciencias da Educación da Univ. de Vigo, Campus de Ourense).*

18:00 18:30 **Acto de apertura do XXIX Encontro Galego-Portugués Paz.**

18:30 20:30 **Táboa redonda: Experiencias de Paz.**

- **Histórias da Ajudaris: Pequenos gestos grandes corações.** Dr.a Rosa Mendes Vilas Boas. Associação Ajudaris do Porto.
- **TEI: Titoría entre Iguais.** María Jesús Puchades. Orientadora do IES do Camiño. Palas de Rei.
- **Autoformación e convivencia: feministas construíndo comunidade.** Mariola Mourelo. Activista comunitaria. A Coruña.
- **Plano de Convivencia do Afonso X.** Pepe Ramos. Orientador do IES Alfonso X "O Sabio", Cambre.
Modera: Carme Díaz Simón: Orientadora do IES Lucus Augusti.

21:00 22:30 **Cea / Jantar**

22:30 **Punto de Encontro.** Coordina: AUCE.

Sábado 25 Abril

09:30 10:00 Almorzo / Pequeno almoço.

10:00 11:30 **Relatorio: Abrindo fiestras. Educación activa con colaboradores externos. Unha experiencia audiovisual no IES Díaz Castro de Guitiriz.**

Cristina de la Torre. Experta en comunicación Audiovisual.

Presenta: Mercedes Vázquez. Orientadora do IES Val do Asma.

11:30 12:00 Pausa-Café.

12:00 14:00 **Presentación de experiencias de Educación para a Paz.**

14:15 14:30 **Foto da Paz.**

14:30 Xantar / Almorço.

16:30 19:30 **Obradoiros simultáneos.**

Cada persoa participa unicamente nun só obradoiro a escoller entre os seguintes:

- **Sociodrama:** Intervención e Educación. *Margarida Belchior.*
- **Dinámica e Acción: Deseñando xogos para a Paz.** *AUCE.*
- **Musicas para a Paz. Teoría musical con cavaquiños.** *Bernardo Carpent e María Amélia Machado.*
- **A Casa nas Arbores.** Obradoiro de contacontos e educación ambiental. *Anxo Moure.*
- **Ferramentas de xestión de grupos e prácticas restaurativas.** *Mariola Mourelo.*
- **Obradoiro de escrita creativa.** *Carlos Amaral e Joana Pacheco Araújo.*

20:30 21:30 Cea / Jantar.

22:00 **Festa da Paz. 25 de Avri Sempre!**

Domingo 26 Abril

09:30 10:00 Almorzo / Pequeno almoço.

10:00 11:00 **Avaliación dos Encontros e posta en común das conclusións.**

11:00 13:00 **Paseo en catamarán pola Ribeira Sacra // Roteiro lúdico: Xogando pola paz.**

13:00 14:00 **Largada da Pomba da Paz.**

14:00 Clausura do Encontro e Xantar / Almorço.

Aloxamento

Este ano non o xestiona a organización. Consultar opcións na web de Nova Escola Galega.

Experiencias de Educación para a Paz

Podes informarte e enviar até o 31 de marzo ao correo: educadoraspolapaz@gmail.com

Homologación

16 horas de formación (70% profesorado en activo e 30% en demanda de emprego).

Ata o 31 de marzo:

20 € Asociadas/os NEG, asociadas/os MEP, desempregadas/os e xubiladas/os.

30 € Cota ordinaria.

Dende o 1 de abril

30 € Asociadas/os NEG, asociadas/os MEP, desempregadas/os e xubiladas/os.

40 € Cota ordinaria.

Xantares e ceas

prezo de matrícula que corresponda + 30 €

Espazo educativo para crianzas

Contaremos cun espazo educativo para crianzas durante as conferencias principais a cargo da Asociación Socio-educativa Antonio Gandoy.

Por cada crianza para xantares e ceas e espazo infantil + 15 €

INSCRICIÓN

Enviar: **FOLLA DE INSCRICIÓN**

+ copia do xustificante de pagamento.

Documentación na web: <http://www.nova-escola-galega.org/>

* Indicaranse 3 obradoiros que serán cubertos por data de inscrición.

ABANCA: ES77 2080 0300 85 30400895000

neg@mundo-r.com